

# TRES CORES: BRANCO 1347

Krzysztof Kieslowski, 1994

ESTREA EN NUMAX: 26.07.2024 | V.O.S.E. | +18 | 91 min

Karol ama profundamente a Dominique, pero ela o abandona debido a que el sofre un problema de impotencia. Daquela decide volver co seu amigo Nikolai, á súa Polonia natal. Alí emprende con éxito un negocio e, aínda que segue namorado de Dominique, planea vingarse dela.

«Un constante testemuño da mestría poética do director polaco»

Desson Howe, THE WASHINGTON POST



## Unha traxicomedia moderna, nívea e invernal

Por Miguel Ángel Pizarro

Tras a magnífica *Azul*, a triloxía de Krzysztof Kieslowski continuou coa segunda cor da bandeira francesa, *Branco*, Oso de Prata á Mellor Dirección no Festival de Berlín. Se a anterior película facía referencia á liberdade, toca agora falar da igualdade. Pero trátase dunha cinta do realizador polaco, o que significa que o concepto de igualdade mostrado será completamente diferente ao que o público está afeito a ver.

Karol ama con todo o seu corazón a Dominique, pero ambos se divorcian debido a que el sente que ela non o ama e porque o matrimonio non chegou a consumarse porque Karol é impotente. Tras quedar sen o seu salón de beleza e perder a súa residencia legal en Francia, consegue volver á súa Varsovia natal cunha maleta grazas á axuda do seu amigo Mikolaj. Na súa terra, Karol volve traballar de perruqueiro co seu irmán. Porén, axiña emprende un negocio con Mikolaj e convértese nun home ambicioso e cheo de éxito. É así cando decide vingarse da súa ex-esposa.

A diferenza de *Azul*, en *Branco* o ton é menos solemne e a súa intención está máis preto do humor negro. De feito, o propio realizador considerou esta entrega como unha "anti-comedia". O concepto que mostra sobre a igualdade é, certamente, desconcertante. Dominique, o personaxe interpretado maxistralmente por Julie Delpy rompe o equilibrio (igualdade) no seu matrimonio ao non darlle unha oportunidade ao seu marido e este decide devolverlle o golpe tempo despois, nunha *vendetta* próxima a ese concepto, aínda que non no sentido máis positivo da palabra.

O ascenso ao poder de Karol pode representar o que significou a apertura dos antigos países do bloque soviético a Occidente. Kieslowski non viviu na Europa do Leste pertencente á UE. Con todo, o realizador ten unha mirada premonitoria sobre o que significa o feito histórico de abrir as portas aos veciños do Leste.

Nunha entrevista, Kieslowski afirmou que se trata dunha historia sobre a negación da igualdade, posto que ese concepto suxire que todos somos iguais, algo que non é certo. O cineasta, de maneira irónica e cun toque de acedo humor negro, representa isto nun estraño matrimonio que evoca eses curiosos lazos existentes entre Leste e Oeste. Unha metáfora sobre o que conleva abrir as súas portas a esa Europa do progreso, aquela que acaba corrompendo o protagonista e converténdoo nun ambicioso home frío como o xeo. A súa ex-esposa, representa un tipo de arrogancia superior que acaba caendo grazas á igualdade.

Ironicamente ensamblada, *Branco* pode que sexa a proposta máis lixeira das "Tres cores" de Kieslowski. Con todo, non se pode negar que esteamos ante unha obra excepcional. Unha traxicomedia moderna, nívea e invernal, cal inmaculado e perverso branco. Kieslowski, xunto cos seus compañeiros Krzysztof Piesiewicz no guión e Zbigniew Preisner na música, crean unha obra rica en detalles e elegancia. Unha estraña, pero sincera forma de entender a igualdade, aquela que precisa o máis produtivo e a mellor versión da persoa, aínda que sexa horrible a súa execución. A cor branca vira no seu final a un intenso vermello que precede a o terceiro e épico acto final.